

PROCEDIMENTO

Xestión da mobilidade

CÓDIGO DO-0205 P1 ÍNDICE 04

REDACCIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Apoio á Docencia e Calidade	Comisión de Garantía de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

Proceso

Planificación e desenvolvemento do ensino.

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento PC08 «Xestión e revisión da mobilidade de estudantes enviados(as)» e PC09 «Xestión e revisión da mobilidade de estudantes recibidos(as)» (documentación marco).
01-03	2008-2011	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade, remitidos desde a ACSUG.
04	24/04/2013	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoio á Docencia e Calidade)	Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura e novos contidos. Modificación do título e código: pasa de PC08 e PC09 a DO-0205 P1 «Xestión da mobilidade».

Índice

I OBXECTO	3
II ALCANCE.....	3
III REFERENCIAS	3
IV DESENVOLVEMENTO.....	5
V ANEXOS	11

I OBXECTO

Definir a metodoloxía que permite xestionar os programas nacionais e/ou internacionais de intercambio (mobilidade) dos e das estudantes nos centros e nas titulacións da Universidade de Vigo.

II ALCANCE

O alcance do presente procedemento esténdese ao estudantado das titulacións oficiais de grado e mestrado universitario, sexa

- estudantado propio ou
- estudantado alleo

participante nos programas de mobilidade no ámbito nacional e internacional aos que se adhire a Universidade de Vigo.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

Lexislación

- Decisión nº 1720/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de novembro de 2006, polo que se establece un programa de acción no ámbito da aprendizaxe permanente.
- Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.
- RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- RD 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do (da) estudante universitario.
- Estatutos da Universidade de Vigo.
- Resolución reitoral da Universidade de Vigo, do 5 de setembro de 2011, de delegación de competencias.
- Normativa da Universidade de Vigo en materia de relacións internacionais.
- Normativa de libre mobilidade da Universidade de Vigo.
- Normativa reguladora do procedemento para a tramitación e aprobación de convenios na Universidade de Vigo (acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo 20 de novembro de 2007).

Normas e estándares de calidade

- ENQA: Criterios e directrices para a garantía de calidade no Espazo europeo de educación superior.
 - 1.2 Aprobación, control e revisión periódica de programas e títulos.
 - 1.3 Avaliación dos estudantes.
- ACSUG, ANECA e AQU: Programa FIDES-AUDIT. Documento 02: Directrices, definición e documentación dos Sistemas de garantía interna da calidade da formación universitaria.
 - Directriz 6. Desenvolvemento dos programas formativos e outras actuacións orientadas á aprendizaxe do(a) estudante.
 - Directriz 9. Resultados para a mellora dos programas formativos.
- ACSUG: Programa do Seguimento de títulos oficiais.

- Criterio 5. Planificación das ensinanzas.
- Criterio 9. Sistema de Garantía Interna de Calidade.

- Norma UNE-EN ISO 9000: Sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.
- Norma UNE-EN ISO 9001: Sistemas de xestión da calidade. Requisitos.

Outros documentos de referencia

- Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.
- Plan Operativo de Xestión de la Universidade de Vigo.
- Universidade de Vigo: *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*.

III.2. Definicións

- Mobilidade : permanencia durante un período de tempo noutro estado membro (noutro país) co fin de cursar estudos, adquirir experiencia laboral ou participar noutra actividade de aprendizaxe ou ensino ou unha actividade administrativa afín, coa axuda, se é necesario, de cursos de preparación ou de refresco na lingua de acollida ou de traballo.
(Decisión nº 1720/2006/CE)
Nota: A mobilidade é tamén aplicable no ámbito nacional.
- Aprendizaxe permanente : todas as actividades de educación xeral, educación e formación profesional, educación non formal e aprendizaxe informal emprendidas ao longo da vida, que permitan mellorar os coñecementos, as aptitudes e as competencias cunha perspectiva persoal, cívica, social e/ou laboral. Inclúe a prestación de servizos de asesoramento e orientación.
(Decisión nº 1720/2006/CE).
- Estudantado propio de intercambio: estudantes que formalizaran a matrícula na Universidade de Vigo en estudos conducentes á obtención de calquera título universitario oficial participante en programas de intercambio nacionais ou internacionais de mobilidade.
- Estudantado alleo de intercambio : estudantes provenientes doutras universidades nacionais ou internacionais distintas á Universidade de Vigo que se matriculan temporalmente en estudos conducentes á obtención de calquera título universitario oficial da Universidade de Vigo no marco dun programa de intercambio nacional ou internacional de mobilidade.
(Normativa de la Universidade de Vigo en materia de RI)
- Responsable de relacións internacionais do centro: persoa responsable institucional da coordinación e o apoio das actividades de formación e docencia no ámbito das relacións internacionais dunha facultade ou escola.
(Normativa de la Universidade de Vigo en materia de RI)
Nota: Esta definición pode ser aplicable aos programas de mobilidade (ex.: SICUE) de cada centro no ámbito nacional.
- Titor/a académico/a de intercambio bilateral: profesorado encargado dun ou varios intercambios bilaterais.
(Normativa de la Universidade de Vigo en materia de RI)
Nota: Esta definición pode ser aplicable aos programas de mobilidade (ex.: SICUE) de cada centro no ámbito nacional.

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- ANECA: Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación
- AQU : Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya
- CGIC : Comisión de Garantía Interna de Calidade
- ENQA : European Association for Quality Assurance in Higher Education (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior)

- OAPT : Organización académica, profesorado e titulacións
- ORI : Oficina de Relacións Internacionais
- PAC : procedemento administrativo común
- PAS : persoal de administración e servizos
- PDI : persoal docente e investigador
- POX : Plan Operativo de Xestión
- RD : Real decreto
- RI : relacións internacionais
- RR : Resolución reitoral
- SGIC : Sistema de garantía interna de calidade
- SICUE : Sistema de intercambio entre centros universitarios españois

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Mellorar o desenvolvemento das actividades orixinadas polos estudos do estudiantado que se realizan ao abeiro dos programas nacionais e/ou internacionais de intercambio, de forma que:

- impulsen a mobilidade e contribúan a unha formación de calidade no marco do Espazo europeo de educación superior,
- contribúan á formación integral do estudiantado complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica,
- se obteña unha experiencia práctica que complemente a adquisición de competencias técnicas e persoais e,
- permitan alcanzar os obxectivos de mobilidade dos centros e das titulacións.

IV.2. Responsable do proceso

- Responsable de relacións externas (nacionais e/ou internacionais).

IV.3. Indicadores


Os indicadores asociados a este proceso están identificados e definidos no procedemento DE-02 P1 «Seguimento e medición».


IV.4. Diagrama de fluxo

Xeneralidades:


A xestión da mobilidade dos programas de intercambio de ámbito internacional é coordinada, no ámbito institucional, pola ORI no cadro da vicerreitoría competente en relacións internacionais.


A xestión da mobilidade dos programas de intercambio de ámbito nacional é coordinada, no ámbito institucional, polo Servizo de Alumnado no cadro da vicerreitoría competente.





C) MOBILIDADE DO ESTUDANTADO ALLEO






Comentarios:

-

IV.5. Ciclo de mellora continua do proceso (PDCA)



- P** Planificar: establecer os obxectivos e os procesos necesarios para acadar resultados de acordo cos requisitos, coas necesidades e coas expectativas dos grupos de interese e coas políticas da organización.
 - D** Desenvolver (facer): implantar os procesos.
 - C** Controlar (verificar): realizar o seguimento e a medición dos procesos e dos produtos e servizos respecto ás políticas, aos obxectivos e aos requisitos, ás necesidades e ás expectativas, e informar dos resultados.
 - A** Actuar (aprender): tomar accións para mellorar continuamente o desempeño dos procesos.
- (UNE-EN ISO 9001)

V ANEXOS

(Non existen)

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	¿Dispoñible na aplicación SGIC-STO?	Responsable de custodia (órgano / posto)	Duración	Clasificación (*)
Código	Denominación					
R1 - DO0205 P1	Listado(s) de estudantado propio seleccionado	Electrónico	Non	Vicerreitoría de Relacións Internacionais (mobilidade internacional) Servizo de Alumnado (mobilidade nacional)	6 anos	-
R2 - DO0205 P1	Listado(s) de estudantado de mobilidade alleo	Electrónico	Non	ORI (mobilidade internacional) Servizo de Alumnado (mobilidade nacional)	6 anos	-

(*) Cúbrase só no caso de que o rexistro estea suxeito a condicións de permanencia adicionais ao período de arquivo de xestión (é dicir, cando é necesaria a súa transferencia posterior ao arquivo xeral).